

# PLAN DE CONTINXENCIA



**EI PLURILINGÜE MONTE DO ALBA**

**CURSO 2021-2022**

# ÍNDICE

Contextualización

Actuacións previas diante da aparición dun abrocho

Actuacións para o período de actividade lectiva non presencial

Medidas para o reinicio da actividade lectiva presencial

# Contextualización

O Plan de Continxencia da EEI Plurilingüe Monte do Alba ten por finalidade establecer os **procesos** para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

Trátase dun **plan adaptable** e modificable en función da situación epidemiolóxica.

Seguindo as directrices marcadas pola Consellería, foi elaborado polo Equipo Directivo coas aportacións do profesorado do centro, a pesar de non ter formación en materia sanitaria nin de organización en aspectos relacionados coa prevención de riscos laborais.

## ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN ABROCHO

1. **Non asistirán ao centro** aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan **síntomas compatibles con COVID-19**, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
2. Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un **espazo separado de uso individual**, colocárselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.
3. Débese **chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS** e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas

debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

4. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a **persoa coordinadora** do equipo formado na COVID-19 **contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade** para comunicarllo. Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de Covid-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinale a xefatura de sanidade.

5 **A familia** dun neno ou nena con **sospeita de contaxio**, **deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra** para que este avalíe a necesidade de **solicitudun test diagnóstico**. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.

6. **Tras a aparición dun caso** diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que **estar illada unha parte dun centro educativo** (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho. Seguirase o apartado de Xestión dos abrochos do Plan de Adaptación da EEI Plurilingüe Monte do Alba a disposición de toda a Comunidade Educativa na web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/eeimontealba>

7. **A autoridade sanitaria**, en coordinación coa Consellería de Educación determinará en cada caso o **número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena** o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8. **A autoridade sanitaria**, en función do número de contaxios, **poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas**, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:

- A aparición **dun único caso** confirmado nunha aula poderá supoñer a **entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e do profesorado asignado** a ese grupo.

• Cando exista unha detección de **3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días** poderase acordar a medida do **peche do nivel educativo completo** onde xurdira o abrocho **ou**, de ser o caso, **da totalidade do centro educativo**.

9. A aparición dun **contaxio sospeitoso con posterior confirmación** é un suposto de **declaración obrigatoria** que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de **entrada en corentena de polo menos 10 días** a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo.

10. **A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación** das normas previstas no presente protocolo relativas ao **ensino a distancia**. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

## Actuacións para o período de actividade lectiva non presencial

1. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado a través da ferramenta decidida polo equipo docente ( aula virtual ou páxina web de cada grupo ). O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería.O/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.
2. O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.
3. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.
4. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

- a) Manter o **contacto permanente** co alumnado e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia. Vía telefónica, con número oculto se se emprega o teléfono persoal, coa aplicación Abalar Móbil ou vía Cisco Webex. Empregaranse soamente medios corporativos e da Consellería para cumprir a Lei de protección de datos vixente e garantir a unificación a nivel de centro.
- b) Actualizar a **aula virtual** ou os blogues da páxina **web** dos niveis afectados para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.
- c) A actividade telemática estará complementada con **videochamadas** .
- d) Realizar tarefas de **desinfección** profundas no centro a través da empresa de limpeza dependente do Concello.
- e) **Revisar** o protocolo para buscar posibles erros e facer as modificacións que se estimen oportunas.
- f) **Coordinar** co profesorado implicado as quendas de organización das fases.
- g) Como **recursos** alternativos a empregar na aula dixital ou na páxina web da escola están os contidos Abalar na web da Consellería, os contidos dixitais do Ministerio de Educación e aqueles outros existentes na rede e considerados axeitados para o nivel educativo no que se vaia a empregar.

## **Incluir como serían las sesiones que organización de la materia**

## **Medidas para o reinicio da actividade lectiva presencial**

Finalizado o período de peche presencial da aula ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva, tal e como se recolle no Plan de Adaptación da EEI Plurilingüe Monte do Alba.

As fases establecidas para a reactivación son orientativas, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.

Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas Consellerías de Educación e Sanidade o centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación.

FASE	DURACIÓN	ALUMNADO	OBXECTIVOS
<b>1: ADECUACIÓN DOS ESPAZOS</b>	1 SEMANA.  O equipo COVID do centro establecerá as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.		<ul style="list-style-type: none"> <li>-- Desinfección de todos os espazos.</li> <li>-- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.</li> <li>-- Revisión do plan de adaptación buscando posibles erros na redacción ou na execución. (Se fora preciso reorganización de entradas, saídas, recreos, espazos...)</li> </ul>
<b>2: FORMACIÓN DE PEQUENOS GRUPOS</b>	1 SEMANA	A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 50 %.	<ul style="list-style-type: none"> <li>-- Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.</li> <li>-- Informar a comunidade educativa dos cambios nos protocolos de entradas, saídas... se os houbera.</li> <li>-- Formar ao alumnado nestes cambios.</li> <li>-- Utilización dos espazos e circulación do alumnado polos corredores do centro.</li> <li>-- Combinar o ensino presencial e a distancia.</li> <li>-- Priorizar en contidos relacionados co ámbito afectivo-emocional.</li> <li>-- Avaliación desa etapa.</li> </ul>
			--Continuar coas actuacións

<p><b>3:REFORZO DAS MEDIDAS APRENDIDAS EN PEQUENOS GRUPOS</b></p>	<p>2 DÍAS</p>	<p>A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 80%.</p>	<p>desenvolvidas na fase 2 con maior número de alumnos/as.</p> <p>--Establecemento de criterios claros de entrada e saída do alumnado de forma progresiva.</p> <p>-- Combinar o ensino presencial e a distancia.</p> <p>-- Continuar con contidos relacionados co ámbito afectivo-emocional.</p>
<p><b>4: REACTIVACIÓN</b></p>	<p>3 DÍAS</p>	<p>Regreso do 100% do alumnado.</p> <p>Se fose posible manterase dentro da aula 1 metro de distancia física. Nesta fase xa todos os/as alumnos/as coñecen as medidas necesarias no período de pandemia.</p>	<p>--Continuar coas actuacións desenvolvidas nas fases anteriores con maior número de alumnado.</p> <p>-- Reforzo e fomento de hábitos aprendidos.</p> <p>- Disposición en puntos estratéxicos de información visual clara para o alumnado.</p> <p>--Revisión das actividades realizadas no período de ensino telemático.</p> <p>-- Comprobar o grado de adquisición do traballo.</p> <p>-- volver á dinámica de clases presenciais, pero sen abandonar o emprego das ferramentas dixitais para as tarefas e para complementar as aprendizaxes na casa.</p> <p>--Avaliar os contidos adquiridos neste período.</p>

Este é un Plan que precisará ser adaptado ou modificado en función da evolución da Covid-19 onde toda comunidade educativa a nivel individual contribuirá ao cumprimento estrito das medidas de protección implantadas e onde tamén os servizos institucionais (Concello e Consellería) farán as súas achegas asumindo as funcións que lle corresponden, xa que O Equipo Directivo deste centro e o seu Equipo Docente non ten formación, nin competencia para asumir a organización e planificación dun Plan de adaptación de índole sanitario.



Valadares, 09 de setembro 2020.

Directora  
Laura Amo Figueroa